

"Facer de Castelao unha estatua é un fracaso, había que baixalo á terra"

Biografía dun construtor da nación é o título da máis extensa e profunda tentativa sistemática de pescudar na vida e na obra de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950). O historiador Miguel Anxo Seixas (Arzúa, 1960) vén de depositala na Universidade de Santiago de Compostela como tese de doutoramento aínda pendente de lectura.

Daniel Salgado

12 de setembro de 2017

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/facer-castelao-estatua-fracaso-habia-baixalo-terra/20170912170257061208.html>

1700 páxinas, bibliografía á parte, organizadas en tres volumes divididos cronoloxicamente conforman a monumental empresa de Seixas. "O meu gran mérito foi poñer algo de orde", afirma humilde, "reconstruíu unha árbore que fora esgallada". Entre a chegada a Rianxo da familia a mediados do século XIX e a súa morte en Buenos Aires, derrotado e exiliado, transcorre o relato da vida dun "demócrata, nacionalista solidario, federalista e republicano" que foi, ante todo, "político".

Obsesionado por facer revivir os contextos en que Castelao tomou as súas decisións, ofreceu as súas receitas, debuxou o digno pobo galego, escribiu literatura con prosa limpa, Seixas anda "ás crebas" dunha existencia de "naúfrago" decisiva para o espertar político de Galiza.

-Por que a estas alturas non existía unha biografía de Castelao?

-Porque o xénero biográfico é moi difícil. Esixe moita entrega, esforzo e tempo de investigación. Podes facer unha biografía literaria en que contas didacticamente e con talento a vida de calquera. Por exemplo, as que fixo Carlos Casares de Otero Pedrayo ou de Risco. Pero unha biografía científica, de buscar datos, documentalos, localizalos no seu contexto, é un esforzo moi grande. Ian Gibson ao escribir sobre Lorca ou Buñuel se cadra pasa anos e anos á procura dun dato nunha hemeroteca. Con Castelao, ademais, hai outra cousa. Castelao é un naufraxio. Tes que andar ás crebas, a ver que quedou en Rianxo, en Pontevedra, na Arxentina, en Nova York, en Moscova, en Cuba... Non hai un arquivo.

-Acontece coa súa xeración e a posterior, tronzadas pola guerra do 36 e o fascismo.

-Esnaquizados! Dis: "Os debuxos onde están?". Hai xente que os ten agochados, ou que foron destruídos porque daquela había medo. Buscar cousas que están na Penzol, no Museo de Pontevedra, en Nova York, en Miami... tes que andar dun lado para outro durante anos e recoller o que deixou o naufraxio. Moitas cousas xa se perderon. E despois cómpre ter competencia, que non é que eu a teña, para saber da súa vida, saber como era Rianxo, como era o agrarismo, o nacionalismo, a arte, a literatura... Abranxe moitos campos e chegar ao total é difícil. Hai traballos parciais.

-Existe *Castelao na luz e na sombra*, de Valentín Paz Andrade, pero non é exactamente unha biografía senón máis ben unha interpretación.

-Eu agradecín moito ese libro cando saíu no 82. Foi moi revelador. Sempre é de agradecer, nun país que non constrúe nada, alguén que constrúa algo, poña catro andamios... Outra cousa é que teña ausencias. Pero despois é máis doado completar. Este país ten que ser máis construtivo, ten que recoñecer que o esforzo dos demais suma.

-Nesa falta dunha biografía de Castelao, ten que ver o respecto reverencial que ás veces suscita?

-Haberá quen non se atreva porque non ten tempo, porque o considera intocábel, outras pensarán que non se ven capacitadas... Por un motivo ou outro, ao final cometiamos unha inxustiza con el. Porque é moi doado poñerlle unha rúa, unha placa, un monumento, dedicarlle un teatro... Castelao estaba cheo das cousas. Pero se te fixas, Rosalía igual e tampouco tiña biografía. Dúas figuras simbólicas da nación, como Rosalía e Castelao, e ninguén se atrevía.

-Resulta significativo.

-Para min era case unha inxustiza. E dixeran: "Vou intentar reparar coa investigación esta inxustiza". Porque é querido, é citado, é reverenciado, pero ao final non había a ousadía de facer esa obra. Eu simplemente fun un privilexiado porque chegaron a min certas cousas, e despois fun ousado.

-E traballador, porque escribir 1700 páxinas...

-Si, porque as cousas tamén se fan con esforzo. E suples a falta de talento. Eu son dos que vai como unha formiguiña, collendo data a data e poñéndoa no seu sitio. Só ordenei a obra del cronoloxicamente e procurei que falasen el ou o contexto.

-Falaba de que é unha figura esnaquizada pola guerra e o século XX, pero máis alá desta dispersión consecuencia da súa vida de compromisos, ¿cales foron as dificultades coas que bateu á hora de traballar este material?

-O gran labor dunha biografía é, primeiro, coller o personaxe e buscar toda a documentación que exista. Canto máis íntima mellor. É importante ter cartas e epistolarios doutros compañeiros e cruzalos. Niso Galiza avanzou moito nos últimos anos. Foron saíndo biografías doutros personaxes, diarios, cartas, que axudan a cruzar os datos. Pero para min o máis complicado non era o personaxe en si. Se fas unha biografía e sóbelo como unha estatua, que é o que fai moita xente, daquela está fóra do mundo. Para min é un fracaso. Había que baixar Castelao á terra e poñelo como unha persoa normal. O complicado era: como era Rianxo en 1886? Como era a vida mariñeira? Como é o mundo agrario? Por que emigra a xente? Como é Madrid cando vai a Madrid? Como é Pontevedra cando chega a Pontevedra? O contexto era o máis complexo. Porque el non está no mundo, está en moitos mundos. Por exemplo, se falas de Manuel Antonio só tes que falar de Rianxo e de Buenos Aires, aínda que viaxou tamén a Levante. Pero quero dicir

que é moi acoutábel. Pero dun personaxe que se moveu en tantos sitios como Castelao non podo chegar e dicir: "Agora chega a Rusia". Que pasa alí, por que vai, con quen vai, quen o chama?

-O contexto é fundamental para describir a existencia dunha persoa.

-Moitas veces tes que buscar a relación do personaxe. Por que acaba en Pontevedra? Porque anteriormente tivo unha crise de cegueira a causa dunha tuberculose. A tuberculose obrígao a pensar que vai quedar cego e a presentarse a unha oposicións. Un cuñado que estaba en Estatística, Camilo, probablemente lle dixera: "Preséntate aí, que é a única maneira de que teñas unha paga se che pasa algo". Vai a oposicións en Madrid e quedan dúas prazas, Cuenca ou Pontevedra. Hai unha serie de relacións que se establecen na vida que, cando as persoas desaparecen, desaparecen con ela. Daquela, o importante é saber por que colabora en *El Sol*, por que colabora en *A Nosa Terra*? Quen o chamou? Eu intentei documentar todo o que existe. Por exemplo, non fun capaz de saber por que casa con Virxinia. Pero si sei por que abandona a súa primeira moza. Porque lla cambian. El saía con Eva. Eva ten unha irmá que morre e, daquela, o viúvo, para non quedar só cos fillos, cóllelle a moza a Castelao. E na familia del dixeron, "pois Virxinia, que é da familia". Sabémolo. Pero como a coñeceu? Hai cartas? Non, probablemente foran destruídas. Hai moitos fíos que non fun quen de anoar de novo.

-É imposible reconstruír a totalidade dunha vida.

-Si, é imposible, pero ás veces atopas unha carta, un documento, alguén que che di "a Castelao presenteille eu a moza, traballaba en tal sitio, entrou nun comercio". Eu intentei que todo o que poño estea documentado. O que non se pode supoñer é que "como era sifilítico" non sei que. Non, especulacións non.

-Ao cabo da súa pescuda, atopou un personaxe diferente do que pensaba?

-Para min o importante é ser honesto na investigación. O que non podemos facer na cultura galega é seguir falseando a realidade. Non podemos falar do *Boletín* da Academia Galega, saber que estaba feito en castelán e non dicir nada. A historia da cultura galega é como é, e se Castelao falaba en castelán coa súa muller en Pontevedra, falaba en castelán. Non é un drama.

-Eses feitos, ademais, serven tamén para explicar o país.

-Esa é clave. Ás veces creamos mitos. Eu dixen: "Non, o que atope do personaxe póño tal cal". Nunhas cousas é marabillioso e noutras cousas é humano. Eu coloco o contexto para tratar de entendelo. Con todo, segue sendo fascinante. Podo entender que a xente case sen lelo sinta fascinación. O seu mérito é ser un valente. Castelao ten a vantaxe de que non se parece a ningún galego. Para empezar, medía un 1,90 metros. Que galego daquela mide un metro oitenta? Tiña enxeño, tiña talento, era demócrata, bondadoso. A xente quería. Entregouse, sacrificouse. Porque hai moita xente que di: "Eu por Galiza fago calquera cousa". El ten unha carta moi bonita onde escribe: "Todo o mundo di que morre por Galiza. Eu quero que vaian ao purgatorio por Galiza, que sufran por Galiza". El sofre, asume esa entrega, fai un esforzo, e aproveita as circunstancias. Ao final case non ten equipo. E consegue defender un Estatuto de Autonomía, sacalo adiante nas Cortes con todo en contra. É un valente, é admirábel. Porque o normal sería dicir: "Isto é moi complicado, non o imos facer". Como Rosalía, colle a bandeira e non deserta.

-Foi un teimudo, que é algo que ás veces se considera negativo.

-Moi teimudo. Sempre estaba enriba. Se el non asume esta función, hoxe non había Parlamento de Galiza, non había Estatuto. Enfermo e cego, case. É admirábel a súa entrega, o seu esforzo e,

sobre todo para min, a súa valentía. Coa Galiza que había naquel intre era case para non facer nada.

-Para vostede, cal foi a grande achega de Castelao?

-Vai en liña recta desde o ano 14 en que toma consciencia de que hai que facer algo por Galiza e que ten unha arma poderosa, o debuxo. Houbo persoas que desertaron, que baixaron do Partido Galeguista... El, malia saber que a política é corrupta e hai que manchar as mans, esfórzase. Nunca claudica. E é un demócrata convencido. Porque ti colles a Risco e é un señorito: a ver se votan as elites, a aristocracia somos nós... Otero Pedrayo tamén. Pero el é demócrata, despois un nacionalista solidario. E como nacionalista solidario, é un federalista. E como é un federalista, é republicano. É admirábel nel.

-E da súa investigación sobre el?

-O gran mérito é que puxen orde. Porque até agora un collera un aspecto, outro collera outro. Como se dunha árbore un collera unha póla. Pero eu collín unha árbore á que lle esgallaron todas as pólas e intentei reconstruíla. Puxen cada peza no seu sitio, cando sabía onde era. Cando non o sabía, indico que non sei. Pero dunha maneira ou doutra fun encaixando cronoloxicamente cada cousa. Porque non é o mesmo *Sempre en Galiza* do 44 que o primeiro libro que escribe en Badaxoz. Puxen orde na vida de Castelao para que se entenda o edificio.

-Empregou fontes orais directas que tratasen con el?

-Tes que andar con tino. Porque a memoria é moi débil e existiu a fascinación con Castelao. Falei cos poucos que o trataron: Lois Tobío, Del Riego, Pousa Antelo, Díaz Pardo... Pero non din nada que antes non escribiran varias veces. Que era sedutor, admirábel. Pero por que? Sabía chegar á xente, e tiña unha empatía emocional que todo o mundo me transmitiu. Pasabas ao seu carón e non quedabas indiferente. Pero non abonda. Eu teño que saber como pensa, como se define, que el fale, que falen os seus inimigos... Era un ser humano.

-Hai unha das moitas faces de Castelao que se impoñe sobre as demais?

-El é político desde o ano 14. Ten vocación política.

-E pon as súas habelencias ao servizo dunha causa política.

-Exacto. Hai un debuxiño moi emblemático para min que di: "Galicia duerme. ¿Debe despertarse?". Está no museo Carlos Maside. Conseguiu a través da prensa chegar á xente, facer editoriais debuxados onde a xente toma consciencia dos problemas. E xa no ano 20 di que hai que construír e chámalle a gran obra a Galiza: hai que construíla, hai que traballar, hai sitio para todos, sumemos. Quere construír unha nación e necesítaos a todos. Nunca vai desertar desa obra.

-Vista desde hoxe, cal é o significado da súa figura?

-O pobo quixo facerlle xustiza a través da memoria. Como a Rosalía. Estou seguro de que a maioría da xente non leu a Rosalía. Miña nai non a leu. Eran unhas edicións moi limitadas, moi caras, alá en Boimorto.

-Pero seguro que coñece algúns poemas.

-Claro, Rosalía beneficiouse da música. Foi musicada, como Curros. Daquela falas coa miña nai e di "Vidal, adiante co varal". É un poema de Rosalía. Castelao, a través dos debuxos, chega á xente.

Xa nos anos 30 era popular, tiña un capital simbólico moi grande. A xente identificouse con el. Porque era a lingua do pobo, era xente moi digna... Fixo 1.400 debuxos humorísticos e nesa galería está o pobo galego representado dignamente. Os nenos son listísimos, as mulleres son listísimas. Quen é medio parvo é o cacique. Ese home conseguiu chegar á xente a través da prensa, era un medio barato. Así como a Rosalía a salvou a música, a el salvouno o xornalismo.

-Medios populares, de masas, do século XX, a música pop e o xornalismo.

-El decatouse de que a prensa estaba aí. Foi a súa arma secreta. Politicamente usou moi ben o xornalismo. Como escritor é marabilloso cunha prosa limpa e un galego coidado. Porque les a Otero ou a outros e non teñen ese imán. É un mago da escritura, e non a contamina da política.

-E ao ser unha figura tan poliédrica admite que cada quen se identifique cunha parte.

-Esa é a palabra. Cada un pillá o que quere. O que lle encanta o literato, o que busca o humorista, o que quere un ensaio, o que busca elementos para redefinir a nación a través da súa obra...

-En que reside a súa actualidade?

-Agora non sei que actualidade ten. É unha figura que está aí e non a podes esquecer. En Galiza agora non está permitida a inocencia. Nos anos del, ao mellor non leran a Carvajal nin a Leiras Pulpeiro, porque había poucas edicións. Hoxe unha persoa que fai un poemario non pode non recoñecer que detrás está Cunqueiro, Ferrín, Rosalía... Están aí. Non pode dicir "é que eu fago poesía galega e non teño que ler os de atrás". Eu creo que hoxe os que militan na cultura galega non poden esquecer a Castelao. Por que? Porque hai que lelo. E está no ensino. Despois hai un uso litúrxico deles por parte das institucións. Non van renunciar a el.

-Como as devaluadas medallas Castelao.

-Iso foi unha proposta de Albor, si. Cada un vai collendo del o que necesita. Non é o mesmo para un rapaz de instituto que para un escritor ou que para unha persoa á que lle encantan os seus debuxos. Acórdome dunha pintada en Santiago que puña "Castelao é noso". E alguén puxo embaixo: "Castelao é dos vermes". Hai tamén o Castelao provocador, cando se fixo o cranio de Castelao, un calendario erótico... Suso de Toro quixo facer croquetas. Están os que o veneran e os que o intentan desacralizar. Pero ao final, dunha maneira ou doutra, fanlle homenaxe secreta. Tamén o que fai unha pintada contra el.